



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **29 de novembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

25.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME EN DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1950/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 26.11.13, e de conformidade co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 21.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura no firme en diversas parroquias do termo municipal (expediente 1950-440) as mercantís:

- MISTURAS, S.A., o lote 1 por un prezo de 245.455, 60 € IVE incluído.
- ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L. o lote 2 por un prezo de 252.180 € (IVE incluído)".

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e nove de novembro do ano dous mil trece.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.